



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA CONSTITUCIÓN DO CONSELLO PARROQUIAL DE CABEIRO  
14 DE MARZO DE 2013

ORDE DO DÍA

**1.- Constitución**

No Centro Cultural de Cabeiro, sendo as vinte horas, do día catorce de marzo de dous mil trece, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Inés Bastos Alonso, representante do PS de G – PSOE
- María Ánxeles Babarro Fernández, representante do BNG
- José Da Cunha Da Cunha, representante do PP
- Paulo Medal Fiel, representante de AER
- Sabino Amoedo Dacosta, representante da comunidade de montes
- Manuel Bastos Bastos, representante das asociacións de veciños
- Constante Álvarez Álvarez, representante das asociacións de veciños
- Amante Romero Álvarez, representante das asociacións culturais
- Ángel Lago García, representante das comunidades de augas
- María Dolores Pazos Otero, representante das asociacións de mulleres

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de ANA MARÍA ALONSO ALONSO, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cabeiro convocada para o día de hoxe.

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión, e constituído o Consello Parroquial de Cabeiro, sendo as vinte horas e dez minutos do día indicado no encabezamento.